

ACTA NÚMERO: 20/2026

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 21 DE MAIO DE 2026.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 21 de maio de 2026 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Vicesecretaria.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa de Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 14 de maio de 2026 (Reunión 19/2026).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa REVENIDAS S.C. (J94117678) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre con cargo ao Programa "+Música 2026". (Expte.- 2026023127).
3. Dar conta da oferta presentada pola Real Federación Española de Natación (Q2878029D) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo da proba de natación artística de carácter internacional "Copa do mundo de natación artística - Pontevedra 2026". (Expte.- 2026004323).
4. Dar conta da oferta presentada pola empresa Fundación Traslato (G27837988) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo da regata de carácter internacional "57ª La Solitaire du Figaro Paprec". (Expte.- 2026021736).
5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infantil Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2025052299).
6. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)". (Expte.- 2024039103).
7. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)". (Expte.- 2025041699).
8. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2202 Baiona-Loureza, dende o P.Q. 17+350 ao P.Q. 17+520. Concello de Oia". (Expte.- 2025081822).
9. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2202 Baiona-Loureza, dende o P.Q. 17+350 ao P.Q. 17+520. Concello de Oia". (Expte.- 2025081822).
10. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (CISCO UCS) e hiperconverxente (CISCO HYPERFLEX) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026004324).
11. Apertura electrónica dos sobre "B", correspondentes á proposta avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (CISCO UCS) e hiperconverxente (CISCO HYPERFLEX) da Deputación de Pontevedra. Expte.- 2026004324).

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo



Provincial do PSdeG-PSOE, e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 14 de maio de 2026 (Reunión 19/2026).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 14 de maio de 2026 (Reunión 19/2026).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa REVENIDAS S.C. (J94117678) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre con cargo ao Programa "+Música 2026". (Expte.- 2026023127).

Por Resolución Presidencial 2026003494 de data 04/05/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre con cargo ao programa +Música 2026.

Na citada resolución procedeuse a invitar á empresa Revenidas, S.C. (CIF J94117678), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 05/05/2026.

A empresa Revenidas, S.C. (CIF J94117678) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	29.400,00 €
IVE (21 %)	6.174,00 €
Importe ofertado con IVE	35.574,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Revenidas, S.C. (CIF J94117678), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre con cargo ao programa +Música 2026.



3. Dar conta da oferta presentada pola Real Federación Española de Natación (Q2878029D) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo da proba de natación artística de carácter internacional "Copa do mundo de natación artística - Pontevedra 2026". (Expte.- 2026004323).

Por Resolución Presidencial 2026003574 de data 06/05/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo da proba de natación artística de carácter internacional "Copa do mundo de natación artística – Pontevedra 2026".

Na citada resolución procedeuse a invitar á Real Federación Española de Natación (CIF Q2878029D), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 06/05/2026.

A Real Federación Española de Natación (CIF Q2878029D) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	24.793,39 €
IVE (21 %)	5.206,61 €
Importe ofertado con IVE	30.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola Real Federación Española de Natación (CIF Q2878029D), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo da proba de natación artística de carácter internacional "Copa do mundo de natación artística – Pontevedra 2026".

4. Dar conta da oferta presentada pola empresa Fundación Traslatio (G27837988) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo da regata de carácter internacional "57ª La Solitaire du Figaro Paprec". (Expte.- 2026021736).

Por Resolución Presidencial 2026003802 de data 13/05/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo da 57ª edición da regata de carácter internacional "La Solitaire du Figaro Paprec".

Na citada resolución procedeuse a invitar a Fundación Traslatio (CIF G27837988), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 13/05/2026.



A Fundación Traslatio (CIF G27837988) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	49.586,78 €
IVE (21 %)	10.413,22 €
Importe ofertado con IVE	60.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada por Fundación Traslatio (CIF G27837988), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo da 57ª edición da regata de carácter internacional “La Solitaire du Figaro Paprec”.

5. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2025052299).*

A Presidenta decide retirar o asunto da orde do día para un mellor estudo en base a petición unánime realizada polas persoas que integran a Mesa de Contratación e que asisten a esta reunión.

6. *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)”. (Expte.- 2024039103).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 17 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29 de abril de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e obsérvase que non existe ningunha empresa presentada dentro do prazo establecido ao efecto, polo que a Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, que declare deserto o procedemento aberto simplificado



convocado para a contratación da obra "Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)", por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato durante o prazo concedido ao efecto.

7. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)". (Expte.- 2025041699).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 24 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29 de abril de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



8. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “A”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2202 Baiona-Loureira, dende o P.Q. 17+350 ao P.Q. 17+520. Concello de Oia”. (Expte.- 2025081822).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación número 2026000839 de data 3 de febreiro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2202 Baiona-Loureira, dende o P.Q. 17+350 ao P.Q. 17+520. Concello de Oia”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10 de febreiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA).
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.

A Mesa de Contratación na reunión do día 5 de marzo de 2026 procedeu á apertura dos sobres “A”, documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 13 de mayo de 2026, emitiu un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	19	3	22



NAROM SL	18	3	21
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	15	2	17
EXCAVACIONES Y CONSTRUC. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	15	1	16

A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 13 de maio de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2202 Baiona-Loureza, dende o P.Q. 17+350 ao P.Q. 17+520. Concello de Oia"*.

9. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2202 Baiona-Loureza, dende o P.Q. 17+350 ao P.Q. 17+520. Concello de Oia". (Expte.-2025081822).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2202 Baiona-Loureza, dende o P.Q. 17+350 ao P.Q. 17+520. Concello de Oia "*.

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	22
NAROM SL	21
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	17
EXCAVACIONES Y CONSTRUC. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	16

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desenscriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita



obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	135.695,56 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	135.257,96 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	132.646,07 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	133.562,28 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas neste procedemento procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	2,72	5,00	5,00	5,00	17,72
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	3,85	5,00	5,00	5,00	18,85
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	10,14	5,00	5,00	5,00	25,14
NAROM, S.L.	8,02	5,00	5,00	5,00	23,02

A Mesa de Contratación acorda:



1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2202 Baiona-Loureira, dende o P.Q. 17+350 ao P.Q. 17+520. Concello de Oia”* que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	NAROM, S.L.	21,00	23,02	44,02
2	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	25,14	41,14
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	18,85	40,85
4	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	17,00	17,72	34,72

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2202 Baiona-Loureira, dende o P.Q. 17+350 ao P.Q. 17+520. Concello de Oia”* á empresa NAROM, S.L., (B36163418) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado 133.562,28 €

IVE (21%) 28.048,08 €

Importe Total 161.610,36 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa, NAROM, S.L., (B36163418) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 2260) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.



3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa NAROM, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato
- Planta para a fabricación de formigóns bituminosos (mesturas bituminosas en quente) cunha capacidade mínima de 100 toneladas á hora que non diste máis de 100 km por estrada da obra.
 - Equipo de extensión de mesturas bituminosas en quente
- c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 6.678,11 €

10. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (CISCO UCS) e hiperconverxente (CISCO HYPERFLEX) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026004324).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante acordo da Xunta de Goberno nº 10.36892, de data 10 de abril de 2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do *“servizo de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (CISCO UCS) e hiperconverxente (CISCO HYPERFLEX) da Deputación de Pontevedra”*.



O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea, con data 16 de abril de 2026, resultando publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 17 de abril de 2026. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir á única empresa que participa no procedemento:

- SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (NIF: A33117995)

11. Apertura electrónica dos sobre "B", correspondentes á proposta avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (CISCO UCS) e hiperconverxente (CISCO HYPERFLEX) da Deputación de Pontevedra. Expte.- 2026004324).

A Mesa de Contratación, na reunión do día 21 de maio de 2026, procedeu á apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do *"servizo de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (CISCO UCS) e hiperconverxente (CISCO HYPERFLEX) da Deputación de Pontevedra"*, acordando admitir á única empresa que participa no procedemento:

- SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (NIF: A33117995)

O Secretario da Mesa de Contratación accede á Plataforma de Contratación do Sector Público mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desenscriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B", correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor das empresas admitidas neste procedemento.



Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos “sobres B” ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías para que avalíen e pondere as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e catro minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

